

A PEDRA QUE PISAS

INICIATIVAS PARA A CONSERVACIÓN DOS PAVIMENTOS HISTÓRICOS DE COMPOSTELA

- A PEDRA QUE PISAS é un programa que iniciou o CONSORCIO DE SANTIAGO no ano 2007 coa intención de aglutinar as iniciativas e accións encamiñadas a mellorar o coñecemento dos pavimentos históricos da cidade, e a estudar e mellorar os instrumentos de intervención encamiñados á súa reparación, mantemento e conservación.

- O programa ten como base a busca e difusión do coñecemento de todo o relativo aos nosos pavimentos históricos, especialmente o relacionado coa súa reparación, mantemento, e conservación. A FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN, aporta a súa experiencia na formación de traballadores, acción que forma parte do núcleo do proxecto.

• ACCIÓNS

FORMACIÓN DE TRABALLADORES

SEGUIMIENTO DE OBRAS

INVESTIGACIÓN TÉCNICA

INVESTIGACIÓN HISTÓRICA

LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO

ELABORACIÓN DE BASES DE PREZOS E DE PREGOS DE CONDICIÓN PARA A EXECUCIÓN

DIFUSIÓN

- Baseándose no respecto polo patrimonio, na busca duns modos de actuación sostibles e convencidos de que unha actuación continua e lixeira e menos molesta é máis efectiva a longo prazo; A PEDRA QUE PISAS centra o seu esforzo no mantemento e na pequena actuación.



XUNTA DE GALICIA



CONSORCIO DE SANTIAGO



FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN GALICIA

A PEDRA QUE PISAS



FORMACIÓN

- O CONSORCIO DE SANTIAGO e a FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN, co apoio da CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA, están facendo un esforzo no deseño e posta en funcionamento de plans de formación innovadores que axuden a mellorar a cualificación dos traballadores ou a axudar aos mozos a iniciar o seu camiño profesional dentro da rehabilitación. Grazas a inestimable axuda que o REITORADO DO MOSTEIRO DE SAN MARTIÑO PINARIO e o ARCEBISPADO DE SANTIAGO prestan ao programa o centro principal de formación e a oficina técnica sitúanse na horta do mosteiro, un lugar privilexiado para a súa función.

PROXECTO FORMATIVO

- OBRADOIRO DE EMPREGO ENLOUSADOS DE COMPOSTELA: encargado da formación de canteiros especializados no mantemento e reparación de lousados históricos de granito. Esta a piques de empezar a terceira edición na que os alumnos traballadores aprenderán o oficio nun entorno real e con unha supervisión técnica rigorosa.

- AXUDANTE ESPECIALISTA EN OBRAS DE REHABILITACIÓN (Plan AFD) é outro proxecto de formación ocupacional que se atopa no segundo ano de implantación. Orientado á formación dos traballadores nos aspectos específicos das obras de rehabilitación e a proporcionarlles o coñecemento básico dos diferentes oficios relacionados.

É o nivel básico e o primeiro dos programas específicos para a formación de traballadores nos oficios relacionados coa rehabilitación que o CONSORCIO DE SANTIAGO e a FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN están a desenrolar.

Ambas institucións pretenden que este conxunto de programas sexan o anticipo da implantación en Santiago do futuro

CENTRO NACIONAL DE FORMACIÓN EN OFICIOS DA REHABILITACIÓN.

- FORMACIÓN CONTÍNUA: Os seguintes niveis destínanse á formación de traballadores en activo, e estanse programando de xeito modulado de xeito que ofrezan cualificacións parciais. Así, os traballadores das empresas que colaboran no mantemento dos lousados da cidade histórica xa participaron no programa de FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN DE TRABALLADORES QUE INTERVEÑEN NOS PROCESOS DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN DE LOUSADOS HISTÓRICOS.



CONSORCIO DE SANTIAGO



CONSORCIO DE SANTIAGO



FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN GALICIA

A PEDRA QUE PISAS



MANTEMENTO

- O CONCELLO DE SANTIAGO encomendoulle ao CONSORCIO DE SANTIAGO a xestión do SERVIZO DE MANTEMENTO DOS PAVIMENTOS DO RECINTO INTRAMUROS DA CIDADE.

- A PEDRA QUE PISAS coordina dende entón coa Oficina municipal da Cidade Histórica e de Rehabilitación (OCiHR) as operacións de conservación e mantemento dos pavimentos neste ámbito.

- Está a finalizar o proceso de concurso e selección das empresas ás que o CONSORCIO adjudicará as obras do servizo que non se limitará a ser un servizo de reparación, senón que pretende acometer unha acción máis ampla.

PUNTOS FUNDAMENTAIS DO SERVIZO :

- Acadar un sistema de intervención áxil e racional que permita unha resposta rápida ás necesidades urxentes de reparación que sexan necesarias, e programar unha actividade continua de mantemento que permita unha mellora paulatina do pavimento.

- Empregar modos de actuación respectuosos cos valores materiais e patrimoniais dos pavimentos históricos que garantan un uso satisfactorio e que á vez faciliten futuras operacións e que dado o carácter continuo destas operacións causen as menores molestias posibles aos veciños.

- Rexistrar a natureza das operacións efectuadas e dos achados asociados, (natureza do firme, das instalacións, arqueoloxía,...) que posibiliten un maior coñecemento e mellores diagnósticos no futuro.

- Fomentar a valoración do oficio, a calidade, e a autenticidade por encima de consideracións aparentemente económicas ou simplemente de rendemento.



CONCURSO

- Dentro das iniciativas encamiñadas á difusión e revalorización dos oficios relacionados coa rehabilitación, o CONSORCIO DE SANTIAGO E A FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN convocan o

I CONCURSO “CANTEIROS NO OBRADOIRO”

- **PARTICIPANTES** O concurso está dirixido a canteiros, empresas e centros de formación de España e Portugal que traballen habitualmente o granito.
- **DATA** Celebrarase o 26 de Xullo
- **LUGAR** Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela.
- **A PROBA** consistirá no labrado por medios manuais dunha lousa como as que forman o pavimento da nosa cidade, partindo dunha plancha irregular de granito.
- **PREMIO** Haberá un único premio de 1500€, trofeo e diploma, e ata un máximo de cinco accésits .

O gañador, ademais, verá colocada a súa lousa, coa súa marca de canteiro visible, nunha rúa da cidade.

- **CONCURSO** A duración máxima da proba será de seis horas e o xurado valorará, ademais do tempo empregado :
 - A corrección na elaboración dos diferentes planos, ángulos e dimensións.
 - A corrección nos acabados solicitados.
 - O emprego correcto das ferramentas e o cumprimento das medidas de seguridade e ergonomía no traballo.
 - A organización e limpeza do posto de traballo.



CONSORCIO DE
SANTIAGO



CONSORCIO DE
SANTIAGO



FUNDACION LABORAL
DE LA CONSTRUCCION
GALICIA


A PEDRA QUE PISAS

SITUACIÓN PREVISTA NA RÚA SAN FRANCISCO



I CONCURSO “CANTEIROS NO OBRADOIRO”

CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO E FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN
PRAZA DO OBRADOIRO SANTIAGO DE COMPOSTELA 26 DE XULLO DE 2009



A PEDRA QUE PISAS

INICIATIVAS PARA A CONSERVACIÓN DOS PAVIMENTOS HISTÓRICOS DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



I CONCURSO “CANTEIROS NO OBRADOIRO”.

O CONSORCIO DE SANTIAGO e a FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN convocan dentro das INICIATIVAS PARA A CONSERVACIÓN DOS PAVIMENTOS HISTÓRICOS DA CIDADE DE SANTIAGO – A PEDRA QUE PISAS o I CONCURSO “CANTEIROS NO OBRADOIRO”.

Lugar e data:

O concurso celebrarase na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela o día 26 de Xullo de 2009.

Obxecto:

O concurso consistirá no labrado manual dunha lousa de granito similar ás que forman o pavimento da nosa cidade de dimensións aproximadas 120 x 60 x 22 cm; e está destinado a canteiros de España e Portugal.

Inscricións:

É necesaria a inscrición previa. Non se admitirán solicitudes presentadas fora das datas indicadas para tal fin.

Período de inscrición:

Do 1 ao 26 de xuño de 2009

Modalidades de inscrición:

- Canteiros individuais.
- Empresas (poderán inscribir a un canteiro e poderán lucir a súa imaxe corporativa)
- Escolas de formación (poderán inscribir a un alumno ou formador)

Formalización da inscrición:

As solicitudes de inscrición realizaranse por medio do boletín dispoñible na páxina web <http://galicia.fundacionlaboral.org>, que debe ser remitido por fax, correo electrónico ou correo certificado ao seguinte enderezo:

**ASUNTO: Canteiros no Obradoiro****FUNDACION LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN****A Poboia s/n - Montouto****15886 Teo (A Coruña)****Teléfono: 902 325 456****Fax: 981 801 613****e-mail: flc.galicia@fundacionlaboral.org**

No caso de que as inscricións resulten moi numerosas a organización realizará unha selección previa, para o que se porá en contacto cos concursantes preinscritos.

O XX de xuño as empresas participantes deberán ter confirmada a súa presenza e farase pública a lista de participantes admitidos.

Premios:

Un único premio de 1500 €, trofeo e diploma. A súa lousa ademais, será colocada nas rúas de Santiago coa marca do canteiro gañador en lugar visible.

Atendendo ao mérito dos concursantes o xurado poderá outorgar ata un máximo de 5 accésits con diploma acreditativo.

No caso de que os premiados o sexan concursando en representación dunha empresa ou centro formativo farase entrega ademais de diploma ao representante designado.

Dirección e xurado:

A dirección do concurso levarase dende a Fundación Laboral de la Construcción e o Consorcio de Santiago, como parte do programa A PEDRA QUE PISAS.

Constituirase un XURADO TÉCNICO formado por canteiros experimentados, técnicos vinculados ao mantemento de pavimentos históricos e empresarios da construción dedicados á restauración e rehabilitación.

A misión deste xurado é a de definición da proba, establecemento dos criterios de valoración e selección dos participantes. E no día da fase final do concurso a de asesorar ao XURADO DE HONOR.

COMPOSICIÓN DO XURADO TÉCNICO (PROPOSTA por confirmar)

- Director da oficina técnica do Consorcio de Santiago.
- Director do programa A PEDRA QUE PISAS.
- Responsable de Seguridade e Saúde da Fundación Laboral de la Construcción de Galicia
- Canteiro monitor A PEDRA QUE PISAS
- Dous traballadores con longa experiencia en oficios tradicionais.
- Un empresario da construción dedicado á rehabilitación e restauración.



O día do concurso formarase un XURADO DE HONOR formado por representantes das institucións relacionadas co programa de mantemento dos pavimentos históricos da cidade e cos programas formativos asociados.

COMPOSICIÓN DO XURADO DE HONOR (PROPOSTA por confirmar)

- PRESIDENTE: Alcalde da Cidade de Santiago e Presidente do Consorcio.
- Director Xeral da Fundación Laboral de la Construcción
- Directora Xeral de Formación Xunta de Galicia.
- Presidente de la Comisión Territorial de la Fundación Laboral de la Construcción de Galicia
- Xerente do Consorcio

Desenrolo do concurso:

O traballo a realizar ha de ser individual, cada canteiro poderá contar co apoio dun só axudante para tarefas auxiliares.

A ferramenta a empregar será a propia de cada canteiro (macetas, punteiros, ciceis, pancas, e a ferramenta manual que estimen necesaria), a organización proporcionará unicamente o taller e a pedra.

O día do concurso, sortearanse as pezas de pedra, e o xurado entregarlle a cada canteiro un documento coas características exactas da proba.

O canteiro deberá executar o traballo solicitado no espazo que se lle asigne.

No momento en que dea por terminada a peza presentarase ao xurado para que este anote o tempo empregado e non volverá ao seu espazo acotado.

O concurso rematará unha hora despois de que o xurado admita como finalizada unha peza e así llo comunique ao resto dos participantes, cun máximo de 6 horas.

O xurado valorará diferentes aspectos do traballo realizado co obxecto de decidir o premio:

- Corrección na execución dos diferentes planos, ángulos e dimensións da lousa.
- Corrección nos acabados solicitados na peza.
- Emprego correcto das ferramentas.
- Observación das medidas correctas de seguridade e ergonomía no traballo.
- Organización e limpeza do lugar de traballo.
- Tempo empregado.